

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

*ANUNCIO de licitación (expediente O-23/2017).*

1. Entidade adxudicadora: Concello da Coruña. a) Dependencia: Servizo de Contratación. b) Número de expediente: O-23/2017.

2. Obxecto do contrato: obras incluídas no proxecto de acondicionamento dos obradoiros do Mercado Municipal de Elviña. Prazo de execución: oito semanas.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación: 234.194,71 € (IVE incluído).

5. Garantía provisional: non se exige.

6. Obtención de documentación: web municipal (perfil do contratante): [www.coruna.es](http://www.coruna.es). Información: a) Teléfono: 981 18 42 19. b) Fax: 981 18 42 71. c) Enderezo: praza de María Pita, 1, 2º.

7. Clasificación: non se exige.

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: vinte e seis días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de resultar sábado o día de finalización do prazo, quedará automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte. b) Documentación que hai que presentar: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada.

9. Apertura de proposicións técnicas e económicas: a) Lugar: véxase o punto 6. b) Data e hora: publicarase no perfil do contratante.

10. Outras informacións: véxanse os pregos reguladores da contratación.



11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Coruña, 10 de xaneiro de 2018

O alcalde  
P.D. (Decreto do 28.6.2017)  
Alberto Lema Suárez  
Tenente de alcalde da Área de Emprego e Economía Social

